



Memoria

final do departamento de LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES A Xunqueira II.

Pontevedra.

Asdo. A xefatura de departamento.

D^a Patricia María Puime Montero





Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de.....	12
1 A programación didáctica para o curso seguinte.....	12
2 A concreción curricular	12
4. Funcionamento do departamento.....	12
5. Composición do mesmo	13
6. Temas máis importantes tratados nas reunións.....	13
1 Setembro.	13
2 Outubro.....	13
3 Novembro.	13
4 Decembro.	14
5 Xaneiro.....	14
6 Febreiro.....	14
Información e acordos sobre as xornadas virtuais de portas abertas do centro.....	14
7 Marzo.....	14
8 Abril.....	14
9 Maio.....	14
Información do tratado na última CCP	14
Valoración da posibilidade de impartir “ámbitos” para o vindeiro curso.....	14
10 Xuño.....	14
Revisión dos libros de texto establecidos para o próximo curso académico.....	14
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.	14
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave	15
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	16





1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.

Non se estableceron modificacións á programación didáctica ata o o 2º trimestre, cando houbo que engadir unha addenda para responder ás novas instrucións educativas.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

A avaliación xeral dos resultados obtidos polo alumnado neste curso académico é positiva, aínda que se aprecia unha progresiva desgaleguización cada vez máis patente no ámbito oral.

A continuación, móstranse os resultados deste curso académico 2022-2023:

☞ 1º ESO

1º ESO A : 30 alumnos – 24 aprobados - 1 suspenso

5 alumnos asistiron ao Agrupamento Flexible (2 suspensos)

1º ESO B : 30 alumnos – 17 aprobados – 7 suspensos- 1 exento

2 alumnos tiveron reforzo coa PT

5 alumnos asistiron ao Agrupamento Flexible (2 suspensos)

1º ESO C : 30 alumnos – 19 aprobados – 5 suspensos

2 alumnos tiveron reforzo coa PT

7 alumnos asistiron ao Agrupamento Flexible (1 suspenso)

1º ESO D : 30 alumnos – 28 aprobados – 2 suspensos

3 alumnos tiveron reforzo coa PT

3 alumnos asistiron ao Agrupamento Flexible

Total: 120 alumnos – 106 aprobados – 14 suspensos





☞ **2º ESO**

2º ESO A : 25 alumnos – 21 aprobados – 4 suspensos

2º ESO PMAR: 5 alumnos – 5 aprobados

2º ESO B : 29 alumnos – 25 aprobados – 4 suspensos

2º ESO C : 29 alumnos – 24 aprobados – 5 suspensos

2º ESO D : 30 alumnos – 21 aprobados – 8 suspensos – 1 exento

Total: 118 alumnos – 96 aprobados – 21 suspensos – 1 exento

☞ **3º ESO**

3º ESO A : 18 alumnos – 17 aprobados – 1 suspenso

3º ESO B : 28 alumnos – 27 aprobados – 1 suspenso

3º ESO C : 28 alumnos _ 26 aprobados – 2 suspensos

3º ESO D : 27 alumnos – 27 aprobados

Total: 101 alumnos – 97 aprobados – 4 suspensos





☞ **4º ESO**

4º ESO A: 23 alumnos – 19 aprobados – 3 suspensos – 1 exento

4º ESO B : 24 alumnos – 17 aprobados – 3 suspensos

4º ESO C : 30 alumnos – 27 aprobados – 3 suspensos

4º ESO D : 26 alumnos – 25 aprobados – 1 suspenso

Total: 103 alumnos – 888 aprobados – 10 suspensos -1 exento

☞ **1º BACH**

1º BACH. A: 29 alumnos – 29 aprobados

1º BACH. B : 29 alumnos – 29 aprobados

1ºBACH. C : 27 alumnos – 26 aprobados – 1 suspenso

1º BACH. D : 30 alumnos – 26 aprobados – 3 suspensos – 1 exento

Total: 115 alumnos – 110 aprobados – 4 suspensos – 1 exento

☞ **2º BACH.**

2º BACH. A : 15 alumnos – 14 aprobados – 1 suspenso

2º BACH. B : 26 alumnos – 24 aprobados – 2 suspensos

2º BACH. C : 26 alumnos – 26 aprobados

2º BACH. D : 20 alumnos – 18 aprobados – 2 suspensos (Avaliación ordinaria)

- 2 aprobados (Avaliación ordinaria)

Total: 87 alumnos – 84 aprobados – 3 suspensos





SLE PORTUGUÊS

1º ESO : 18 alumnos – 18 aprobados

2º ESO : 20 alumnos – 15 aprobados – 4 suspensos – 1 exento

3º ESO : 12 alumnos – 12 aprobados

Total : 50 alumnos – 45 aprobados – 4 suspensos – 1 exento





3. Propostas para a revisión de:

1. A programación didáctica para o curso seguinte.

Revisión da temporalización da programación didáctica.

Elaboración da nova programación para 2º e 4º de ESO e 2º de Bach. en PROENS.

2. A concreción curricular.

Revisión da concreción curricular en relación coas aprendizaxes máis dificultosas para o alumnado.

4. Funcionamento do departamento.

O Departamento desenvolveu o seu labor con eficiencia durante todo o curso académico.





5. Composición do mesmo.

Patricia M^a Puime Montero

Sabela Laxe Díaz

María Laura Rodríguez Travieso

M^a Cristina López Graça

Beatriz Fernández Argibay

Rosalía Grandal Montero (substituta de Beatriz Fernández Argibay)

Ana Outón Barral (substituta de María Laura Rodríguez Travieso)

Leopoldo Canizo Durán (substituto de María Laura Rodríguez Travieso)

)

6. Temas máis importantes tratados nas reunións.

1. Setembro.

Reunión inicial para comprobar as peticións de cursos e horarios e identificación dos alumnos e alumnas para os agrupamentod Flexibles de 1º ESO.

Toma de decisións e acordos en relación co desenvolvemento do curso e coa elaboración das programacións didácticas.

2. Outubro.

Información do tratado na última CCP.

Posta en funcionamento das aulas virtuais.

Acordos sobre o seguimento dos alumnos

coa materia pendente.





3. Novembro.

Información dos acordos tomados na CCP sobre a avaliación por competencias nos diferentes cursos da ESO.

4. Decembro.

Análise do grao de desenvolvemento da programación.

Información sobre o tratado na anterior CCP.

5. Xaneiro.

Análise do seguimento da materia pendente: recopilación dos cadernos de repaso e corrección dos mesmos.

Resultados das probas de pendentes de 2º Bach.

6. Febreiro.

Seguimento e valoración dos alumnos coa materia pendente.

Análise do seguimento da programación.

7. Marzo.

Toma de decisións para a elaboración da Addenda á PD..

8. Abril.

Revisión dos avances do curso e do seguimento da PD.

Resolución da convocatoria ordinaria das probas de avaliación dos alumnos coa materia pendente 2º Bach.

Seguimento dos alumnos de ESO con materia pendente.

9. Maio.

Deseño das actividades de recuperación para as datas posteriores á 3ª Avaliación.

Análise do grao de desenvolvemento da programación.





10. Xuño.

Revisión dos libros de texto establecidos para o próximo curso académico.

Análise dos resultados do presente curso escolar.

Informe dos temas tratados na CCP.

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.

- *Clube de lectura en galego*, os venres, coa lectura dun libro por trimestre, coordinado pola profesora Lucía Novas.
- *De puño e pincel*: concurso de ilustración arredor da figura de Rosalía de Castro, para conmemorar o día do seu nacemento. Destinado a todo o alumnado do centro.
- Asistencia dos alumnos e alumnas de 3º de ESO á representación teatral “*Miss Docet*”, da Compañía Eléctrica, no Teatro Principal da cidade.
- *Obradoiro para galego-falantes*, actividade que naceu para dinamizar, promover e axudar a que todos/as nenos/as tivesen un espazo seguro onde practicar a lingua e mellorar a súa autoestima. Ofertouse aos cursos de 2º da ESO e a 1º de ESO D, xa que eran impartidos pola docente Cristina López Graça, quen dedicou o seu tempo de lecer a esta actividade. O día 8 de xuño realizaron unha xornada de inmersión lingüística fóra do centro, durante a cal visitaron o Museo de Pontevedra e realizaron o percorrido “Os mundos de Castelao”; participaron despois na actividade “Coñece a miña cidade”, creada polo alumnado para esta saída. Volveron ao Museo para a visita “Arte en feminino: visibles”. Posteriormente, na Illa das Esculturas, participaron nunha xincana literaria e almorzaron.
- Visita guiada ó museo de Pontevedra á exposición "Os mundos de Castelao" para todos os 2º de Bto., acompañados polos profesores Ana Outón Barral e Leopoldo Canizo Durán.
 - xoves 23 de febreiro, de 10.30 a 11.30, 2ºC.
 - xoves 23 de febreiro, de 12.00 a 13.00.





-venres 24 de febreiro, de 10.30 a 11.30, 2ºD.

-venres 24 de febreiro, de 12.00 a 13.00.

- PIALE- Decembro 2022

Como a docente de Lingua Galega realizou unha estadía de Piale en

Portugal amosoulles como foi esa experiencia, establecéronse analoxías

entre o ensino portugués e o galego para que a rapazada saiba algo máis e

fíxose fincapé na importancia de coñecer máis sobre os países de fala

lusófona. Aproveitouse esta actividade para falar sobre o contacto

lingüístico, os préstamos e certas cuestións relativas á fonética.

Entre xaneiro e marzo, creáronse audios pola memoria das mulleres en

colaboración con Agareso.

- *O Obradoiro de Memoria Democrática e as Mulleres* foi un

proxecto interdisciplinar no que dous grupos da ESO, 1.o da ESO – D e un

2.a da ESO – A investigaron sobre a Memoria Histórica nas Mulleres do

seu contorno máis inmediato. O obradoiro tivo unha duración de 100

minutos durante tres sesións e aproveitouse para reforzar o xénero da

entrevista ou para crear un coloquio na aula a partir dos conceptos de

“igualdade”, “feminismo”, “violencia de xénero” ou “fascismo”.

Á súa vez, a actividade serviu para que mellorarsen a súa competencia

dixital (coa creación dun podcast), aprenderon cuestións de memoria

histórica do seu contorno (preguntando, buscando información..),





incrementaron a súa competencia de iniciativa emprendedora ao pesquisar datos sobre as represaliadas do seu contorno ou sobre a Guerra Civil, melloraron a súa capacidade de aprender a aprender e, por suposto, traballaron a súa competencia lingüística tanto na escrita dos documentos como na oralidade ao ter que ler e gravar esa información para os podcast de Memoria Histórica. Posteriormente, fíxose unha posta en común sobre a temática e sobre todo o que aprenderan, debateron na aula e escoitaron os dous podcast realizados para aprender dos seus compañeiros e fixar coñecemento. O proxecto foi moi importante para elas e eles xa que se crearon contidos sonoros con enfoque pedagóxico e feminista mediante a Lingua Galega. Con eles, contribuíron á sensibilización sobre o aporte das mulleres galegas na loita contra o franquismo. A continuación están as dúas ligazóns cos dous podcasts finais.

https://www.ivoox.com/memoria-democratica-23-1-d-ies-a-xunqueira-ii-audios-mp3_rf_106052779_1.html

https://www.ivoox.com/memoria-democratica-23-2-a-ies-xunqueira-ii-audios-mp3_rf_106052979_1.html





- Actividade das Letras Galegas, do dep. de LGL en colaboración cos dep. de Música, Ed. Física, Debuxo e Dinamización Lingüística, o *Flasmob do día das Letras*. Esta actividade incluíu:
 - Tradución e adaptación da canción de Marisol "Corazón contento", coa axuda do dep. de Música
 - Gravación da canción coa participación coa profesora Carmen Redondo e algunhas rapazas de 2º Bto., coa axuda do dep. de Música
 - Preparación dunha coreografía con tódolos grupos de 1º de Bto., coa axuda do dep. de Ed. Física
 - Elaboración de dúas pancartas pintadas coa axuda do dep. de Debuxo.
 - Participación voluntaria de varios membros do claustro.
 - Actuación (sorpresa para o resto da comunidade educativa) durante o 2º recreo do 16 de maio.
- *Ben Veñas Maio*, certames xa tradicionais para todo o alumnado da cidade.
- Obradoiros de iniciación á fotografía, curtametraxes e banda deseñada, organizados polo concello.

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.

A valoración que facemos dende o Departamento de Lingua e Literatura Galega sobre a integración das TIC na nosa práctica docente é positiva.

Nas aulas traballouse conxuntamente co libro de texto (no seu caso) e coas TIC. Botamos man de diferentes medios dixitais para acompañar e complementar as explicacións: presentacións en diferentes formatos, vídeos explicativos, cancións, fragmentos de filmes, xogos de aprendizaxe interactivos, actividades interactivas, tarefas diversas... Ademais, durante o presente curso escolar, tivemos en funcionamento unha aula virtual que se mantivo activa ao longo de todo o período de docencia. Esta aula virtual servía como soporte de información, como medio de transmisión de coñecementos e como plataforma na que o alumnado realizaba diferentes tarefas.





9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura traballa con libro de texto nos 4 niveis da ESO.

En 1º de Bacharelato traballouse con libro de texto recomendado.

